

Os determinantes e os pronomes

1. Nas frases seguintes: 1) subliña todas as palabras que funcionen como determinantes, 2) sinala o tipo de determinante (artigo, demostrativo, etc.) e 3) indica o tipo de determinación que realiza (actualización, deíxe, cuantificación, cualificación):

- Estes días vai demasiada calor
- Cada moza leva a súa carteira
- Aquel rapaz louro leva oito horas estudando
- Un ano ten doce meses
- Díxome tantas cousas precisas que xa non teño ningunha dúbida

2. a) Que queremos dicir cando afirmamos que o pronome ten un significado ocasional? Próbao con exemplos.

b) Explica o concepto de clase de palabras pechadas aplicado ao pronome.

c) Elixes tres pronomes persoais átonos que poidan funcionar como CD ou CI. Escribe oracións en que funcionen como CD e CI.

3. Completa as frases seguintes poñendo diante dos substantivos o artigo (determinado ou indeterminado) segundo sexan masculinos ou femininos:

- Vai á tenda e recolle ____ leite e ____ mel que encarguei.
- ____ lume non chegou ata ____ árbores.
- Cando escoite ____ sinal pode deixar ____ mensaxe.
- Cruzamos ____ ponte e ao chegar ____ cume puidemos contemplar ____ paisaxe.
- Tiña ____ nariz ferido e ____ sangue mancháralle ____ traxe.
- ____ calor era abafante e ____ suor escorregáballe pola cara.
- Cando ferva ____ auga bota ____ sal.
- Fixemos ____ viaxe moi interesante.

4. a) Escribe as frases seguintes facendo a contracción das dúas palabras (preposición + artigo) que aparecen entre parénteses:

- Limpa a cara ____ (con + o) pano ____ (de + as) mans.
- Quedamos ____ (en + a) cafetería e despois decidimos ir ____ (a + o) cine.
- Dille ____ (a + o) teu avó que corte o cable ____ (con + as) tenaces.
- Iamos camiñando ____ (por + a) carballeira, cando apareceu teu irmán ____ (por + o) camiño que leva ____ (a + a) túa casa acompañado ____ (de + a) moza.

- b) Escribe as frases seguintes facendo a contracción das dúas palabras (preposición + artigo) que aparecen entre parénteses:

- Aquela muller era ____ (de + un) lugar das montañas.
- A casa estaba ____ (en + unha) rúa solitaria.
- Sube ao tellado ____ (con + unha) escada de man.
- Tiña o lapis gardado ____ (en + un) caixón.

c) Escribe as frases seguintes facendo a contracción das dúas palabras (preposición + determinante demostrativo) que aparecen entre parénteses:

- Agardarei por ti _____ (en + esta) esquina.
- Mentres eu traballo _____ (en + isto), ti estuda.
- Non souben nada _____ (de + aquela) moza.
- Eu non quero entrar _____ (en + ese) asunto.
- Gardo as lembranzas _____ (de + eses) días.
- _____ (de + iso) que dis, eu non creo nin a metade.
- Non quero que me fales mal _____ (de + esas) rapazas.
- A vida _____ (de + este) pobo sempre estivo marcada pola emigración.
- _____ (de + aquilo) que che contei, non digas nada.
- O traballo _____ (de + estes) rapaces é digno de loubanza.

5. Escribe unha oración en que o posesivo teña que ir precedido polo artigo; outra en que sexa optativo o uso do artigo ante o posesivo; unha terceira en que sexa obrigada a ausencia do artigo ante o posesivo.

6. a) Introduce nas seguintes frases as formas dos posesivos que correspondan en cada caso:

- El ten unha casa bonita.
A _____ casa é bonita.
- Eu teño cousas nas que non quero que ninguén ande.
Non quero que ninguén ande nas _____ cousas.
- Xoán e mais eu temos libros en común para estudar xuntos.
Os _____ libros son para estudarmos xuntos.
- Os discos que tedes ti e mais a túa irmá están no faiado.
Os _____ discos están no faiado.
- Elas teñen bolígrafos de cores que son novos.
Os _____ bolígrafos de cores son novos.
- Ti tes uns fillos que son moi bos estudantes.
Os _____ fillos son moi bos estudantes.

b) Escribe tres oracións en que empregues o posesivo con valor de “propiedade exclusiva”.

Exemplo: *Onte comprei un coche. Este coche é de meu.*

c) Escribe tres oracións nas que empregues o posesivo con valor “distributivo”.

Exemplo: *Os tres irmáns cearon cadansúa tortilla francesa.*

7. Introduce nas seguintes oracións as contraccións de preposición e determinante indefinido que se che indican entre parénteses:

- Miraremos _____ (en + outra) tenda.
- Carme non é de aquí, é _____ (de + outro) lugar.
- A información que precisamos ten que estar _____ (en + algún) libro.

- _____ (de + algunha) maneira terei que esquecerme.
- A taxa de natalidade diminuíu _____ (en + algunhas) comunidades autonómicas

8. **Escrebe os cardinais, ordinais e partitivos correspondentes a 526, 83, 98, 147, 918, 3.833.**

9. **a) Volve escribir as seguintes frases substituindo os números cardinais pola súa forma escrita:**

- Comprei 1.984 selos para a miña colección.
- O premio do concurso consistía nun cheque por valor de 526.432 euros.
- Na festa do queixo vendéronse 14.801 pezas deste rico produto.
- O imposto sobre o valor engadido da vivenda era de 6.679 euros.
- Para a nosa viaxe a Suíza trocamos 315.500 das antigas pesetas a francos suízos.
- Esa fábrica de coches ten a marca de 25.789 vehículos diarios, 1.500 empregados e unha extensión de 5.615 metros cadrados.

b) **Volve escribir as seguintes frases substituindo os números ordinais pola súa forma escrita:**

Exemplo: Quedou de 2º no campionato: *Quedou de segundo no campionato.*

- Neste momento ocupa o 34º lugar na lista dos mellores do mundo na súa especialidade.
- Van construír un rañaceos na cidade, mais a min non me gustaría vivir no 49º andar.
- Quedamos bloqueados no ascensor á altura do 8º andar.
- Na carreira de obstáculos do domingo pasado quedou na 7ª posición.
- Ocupo a 100ª posición nas listas do SERGAS para cubrir novas prazas.

10. **Corrixe os erros:**

- *Foi connigo ao cine.*
- *Perder é posible: hai que contar con elo.*
- *Peiteouse o cabelo.*
- *Xa che vin na festa.*
- *Fálalle con educación aos empregados.*

11. **Cal é a diferenza entre nós/nosoutros, vós/vosoutros? Explicaa con oracións creadas por ti.**

12. **a) Substitúe os suxeitos salientados polo correspondente pronome:**

- **Sofía** vai vir esta tarde.
- **Otilia e a súa amiga** traballan nunha axencia de viaxes.
- **Ti e mais eu** temos moito en común.
- **Xabier e ti** teredes que chegar máis cedo.
- **O noso profesor** ten moito prestixio.

b) **Substitúe os elementos subliñados polo seu pronome correspondente. Identifica en cada caso a función que desempeña:**

- Quero ese disco para o meu aniversario.
- Ti recibiches unha chamada.

- Colleu o libro e marchou.
- Eles comeron os pasteis.
- Ti trouxeches os paquetes.
- Fernando escribiu unha novela.
- Bebe o leite.
- Meu pai comproulle a Xerardo unha moto.
- As rapazas dixeron aos seus pais o acontecido.
- Compra aos teus irmáns dous lapis.
- Puxeron ao teu veciño unha multa.
- Quero a ti os cartos porque tes abondos.
- Trouxo un agasallo para nós.
- Ti sae da casa en canto chamen. (a ti)
- Nunca puxeron unha multa. (a min)
- Non comerei agora. (o biscoito)
- Onde atopaches? (a ela)
- Ninguén dixo a verdade. (a ti)
- Xa contara. (a min, o ocorrido)
- Quixo que o levase.
- Intúo que non me queres convidar.
- Pola túa carta sabemos que estás moi contenta aí.
- Acordamos que serás un novo membro do grupo.
- Mañá lembrareille a Xoán e a María que lles toca fregar os pratos.
- Souben que foras admitido na nosa universidade.

13. Completa con *te* ou *che* as frases seguintes:

- Vin _____ onte no concerto de rock.
- Xa me contaron que _____ deron unha boa noticia.
- Non _____ dixeron nada por non molestar _____.
- Chamáron _____ por teléfono e dixéronme que _____ dese o recado.
- Cortei _____ un pouco a perna do pantalón porque _____ quedaba moi longa.

14. Substitúe os elementos necesarios polo seu correspondente pronome relativo, sinalado entre parénteses:

Exemplo: a rapaza está á dereita de Xiana. A rapaza é a miña amiga: *a rapaza que está á dereita de Xiana é a miña amiga*.

- Eu quero mercar un coche. O coche é un monovolume. (que)
- Onte vin chegar uns nenos. Os nenos viñan de excursión. (que)
- Esta mañá chamaron por teléfono. Foron os meus tíos. (quen)
- Fabricaron unha máquina nova. Descoñecemos o seu funcionamento. (cuxo)
- Pagaron a entrada. Entraron ao concerto. (canto)
- Colón chegou a América. Estes son os planos. (cal)

15. Propón dous casos en que se deba acentuar o interrogativo e outros dous en que se deba acentuar o exclamativo por considerares que se trata dun contexto que pode provocar confusión.

Solucións

1. Nas frases seguintes: 1) subliña todas as palabras que funcionen como determinantes, 2) sinala o tipo de determinante (artigo, demostrativo, etc.) e 3) indica o tipo de determinación que realiza (actualización, deíxe, cuantificación, cualificación):

- Estes (demostrativo/deíxe) días vai demasiada (indefinido/cuantificación) calor.
- Os (artigo determinado/actualización) meus (posesivo/deíxe) amigos fixeron varias (indefinido/cuantificación) viaxes.
- Aquel (demostrativo/deíxe) rapaz louro (adxectivo/cualificación) leva oito (numeral cardinal/cuantificación) horas traballando.
- Cada (indefinido/cuantificación) moza leva a (artigo determinado/actualización) súa (posesivo/deíxe) carteira.
- Un (numeral cardinal/cuantificación) ano ten doce (numeral cardinal/cuantificación) meses.
- Esta (demostrativo/deíxe) finca ten varios (indefinido/cuantificación) propietarios.
- Díxome tantas (indefinido/cuantificación) cousas precisas (adxectivo/cualificación) que xa non teño ningunha (indefinido/cuantificación) dúbida.

2. a) Que queremos dicir cando afirmamos que o pronome ten un significado ocasional? Próbaos con exemplos.

Non teñen trazos semánticos permanentes, senón que en cada ocasión toman os trazos do nome que substitúen. *Coche* sempre significa '*vehículo automóbil de catro rodas*'. Con todo, un pronome como *este* toma en cada caso o valor do nome que substitúe ou cara ao que indica, polo que tamén se denominan deícticos: *O coche verde está mal aparcado / Este está mal aparcado. O libro verde é de matemáticas / Este é de matemáticas*. No primeiro caso, *este* sinala cara ao elemento *coche*; no segundo, cara a *libro*.

b) Explica o concepto de clase de palabras pechadas aplicado ao pronome.

Indica que non se poden crear máis pronomes nin por derivación nin por composición, non como ocorre con adxectivos, substantivos, verbos, etc. De *pasar* podemos formar *repasar*; con todo, non podemos crear **reel*, **reeste*, etc.

c) Elixes tres pronomes persoais átonos que poidan funcionar como CD ou CI. Escribe oracións en que funcionen como CD e CI.

Xa **me** chamaron. Non **me** deron a noticia. Non **nos** viron na feira. Non **vos** deron as entradas. Non **nos** ameazaron. Non **nos** entregaron os impresos de matrícula.

3. Completa as frases seguintes poñendo diante dos substantivos o artigo (determinado ou indeterminado) segundo sexan masculinos ou femininos:

- Vai á tenda e recolle **o** leite e **o** mel que encarguei.
- **O** lume non chegou ata **as** árbores.
- Cando escoite **o** sinal pode deixar **a** mensaxe.
- Cruzamos **unha** ponte e ao chegar ao/ó cume puidemos contemplar **a** paisaxe.
- Tiña **o** nariz ferido e **o** sangue mancháralle **o** traxe.
- **A** calor era abafante e **a** suor escorregáballe pola cara.
- Cando ferva **a** auga bota **o** sal.
- Fixemos **unha** viaxe moi interesante.

4. a) Escribe as frases seguintes facendo a contracción das dúas palabras (preposición + artigo) que aparecen entre parénteses:

- Limpa a cara **co** (con + o) pano **das** (de + as) mans.

- Quedamos **na** (en + a) cafetería e despois decidimos ir **ao/ó** (a + o) cine.
- Dille **ao/ó** (a + o) teu avó que corte o cable **coas** (con + as) tenaces.
- Iamos camiñando **pola** (por + a) carballeira, cando apareceu teu irmán **polo** (por + o) camiño que leva **á** (a + a) túa casa acompañado **da** (de + a) moza.

b) Escribe as frases seguintes facendo a contracción das dúas palabras (preposición + artigo) que aparecen entre parénteses:

- Aquela muller era **dun** (de + un) lugar das montañas.
- A casa estaba **nunha** (en + unha) rúa solitaria.
- Sube ao tellado **cunha** (con + unha) escada de man.
- Tiña o lapis gardado **nun** (en + un) caixón.

c) Escribe as frases seguintes facendo a contracción das dúas palabras (preposición + determinante demostrativo) que aparecen entre parénteses:

- Agardarei por ti **nesta** (en + esta) esquina.
- Mentres eu traballo **nisto** (en + isto), ti estuda.
- Non souben nada **daquela** (de + aquela) moza.
- Eu non quero entrar **nese** (en + ese) asunto.
- Gardo as lembranzas **deses** (de + eses) días.
- **Diso** (de + iso) que dis, eu non creo nin a metade.
- Non quero que me fales mal **desas** (de + esas) rapazas.
- A vida **deste** (de + este) pobo sempre estivo marcada pola emigración.
- **Daquilo** (de + aquilo) que che contei, non digas nada.
- O traballo **destes** (de + estes) rapaces é digno de loanza.

5. Escribe unha oración en que o posesivo teña que ir precedido polo artigo; outra en que sexa optativo o uso do artigo ante o posesivo; unha terceira en que sexa obrigada a ausencia do artigo ante o posesivo.

Por exemplo. O meu caderno é o azul. Meus pais/Os meus pais chegaron onte. Ben te coñezo, meu amigo.

6. a) Introduce nas seguintes frases as formas dos posesivos que correspondan en cada caso:

A **súa** casa é bonita.

Non quero que ninguén ande nas **miñas** cousas.

Os **nosos** libros son para estudarmos xuntos.

Os **vosos** discos están no faiado.

Os **seus** bolígrafos de cores son novos.

Os **teus** fillos son moi bos estudantes.

b) Escribe tres oracións en que empregues o posesivo con valor de “propiedade exclusiva”.

Por exemplo:

- Non quero discutir contigo, son pacífico **de meu**.
- Xa tes casa **de teu** e podes convidar os teus amigos.
- Xoán agora xa ten coche **de seu** e non depende do dos pais.

c) Escribe tres oracións nas que empregues o posesivo con valor “distributivo”.

Por exemplo:

- Cada rapaz viña con **cadanseu** libro á clase.
- Os meus cans colleron **cadansúa** perdiz.

- Saíronlles **cadansúas** espullas no nariz

7. Introduce nas seguintes oracións as contraccións de preposición e determinante indefinido que se che indican entre parénteses:

- Miraremos **noutra** (en + outra) tenda.
- Carme non é de aquí, é **doutro** (de + outro) lugar.
- A información que precisamos ten que estar **nalgún** (en + algún) libro.
- **Dalgunha** (de + algunha) maneira terei que esquecerme.
- A taxa de natalidade diminuíu **nalgunhas** (en + algunhas) comunidades autonómicas no último ano.

8. Escribe os cardinais, ordinais e partitivos correspondentes a 526, 83, 98, 147, 918, 3.833.

Cincocentos/Quíñentos vinte e seis. Quinxentésimo vixésimo sexto. A cincocentas/quíñentas vinte e seis parte. Oitenta e tres. Octoxésimo terceiro (para ordinal e partitivo). Noventa e oito. Nonaxésimo oitavo (para ordinal e partitivo). Cento corenta e sete. Centésimo cuadraxésimo sétimo. Novecentos dezaoto. Nonaxésimo décimo oitavo. Tres mil oitocentos trinta e tres. Tres milésimo octoxésimo trixésimo terceiro.

9. a) Volve escribir as seguintes frases substituíndo os números cardinais pola súa forma escrita:

- Comprei mil novecentos oitenta e catro selos para a miña colección.
- O premio do concurso consistía nun cheque por valor de cincocentos vinte e seis mil catrocentos trinta e dous euros.
- Na festa do queixo vendéronse catorce mil oitocentas unha pezas deste rico produto.
- O imposto sobre o valor engadido da vivenda era de seis mil seiscentos setenta e nove euros.
- Para a nosa viaxe a Suíza trocamos trescentas quince mil cincocentas das antigas pesetas a francos suízos.
- Esa fábrica de coches ten a marca de vinte e cinco mil setecentos oitenta e nove vehículos diarios, mil cincocentos/quíñentos empregados e unha extensión de cinco mil seiscentos quince metros cadrados.

b) Volve escribir as seguintes frases substituíndo os números ordinais pola súa forma escrita:

- Neste momento ocupa o trixésimo cuarto lugar na lista dos mellores do mundo na súa especialidade.
- Van construír un rañaceos na cidade, mais a min non me gustaría vivir no cuadraxésimo noveno andar.
- Quedamos bloqueados no ascensor á altura do oitavo andar.
- Na carreira de obstáculos do domingo pasado quedou na sétima posición.
- Ocupo a centésima posición nas listas do SERGAS para cubrir novas prazas.

10. Corrixe os erros:

Foi comigo ao cine. Perder é posible: hai que contar con iso. Peiteou o cabelo. Xa te vin na festa. Fálalles con educación aos empregados.

11. Cal é a diferenza entre nós/nosoutros, vós/vosoutros? Explícaa con oracións creadas por ti.

Nosoutros e vosoutros delimitan un grupo, establecido no contexto ou coñecido polo interlocutor, deixando fóra dese plural a todos os que non pertencen a el; nós e vós non establecen ningunha delimitación con respecto aos demais. Exemplos: Imos repartir o traballo: vosoutros tallades o papel e vosoutros preparades o debuxo. Nosoutras non estudamos coma el.

12. a) Substitúe os suxeitos salientados polo correspondente pronome:

- **Ela** vai vir esta tarde.
- **Elas** traballan nunha axencia de viaxes.
- **Nós** temos moito en común.
- **Vós** teredes que chegar máis cedo.
- **El** ten moito prestixio.

b) Substitúe os elementos subliñados polo seu pronome correspondente. Identifica en cada caso a función que desempeña:

- Quero ese disco para o meu aniversario. Quéroo.
- Ti recibiches unha chamada. Ti **recibíchela**.
- Colleu o libro e marchou. **Colleuno** e marchou.
- Eles comeron os pasteis. Eles **coméronos**.
- Ti trouxeches os paquetes. Ti **trouxéchelos**.
- Fernanda escribiu unha novela. Fernanda **escribiuna**.
- Bebe o leite. **Bébeo**.
- Meu pai comproulla.
- As rapazas dixeron aos seus pais o acontecido. As rapazas dixéron**llelo**.
- Compra aos teus irmáns dous lapis. Cómpr**allos**.
- Puxeron ao teu veciño unha multa. Puxéron**lla**.
- Quero a ti os cartos porque tes abondos. Quéro**chos** porque tes abondos.
- Trouxo un agasallo para nós. Tróuxon**olo**.
- Sae da casa en canto **te** chamen.
- Nunca **me** puxeron unha multa.
- Non **o** comerei agora.
- Onde **a** atopaches?
- Ninguén **che** dixo a verdade.
- Xa **mo** contara.
- Quíxoo.
- **Intúoo**.
- Pola túa carta.
- **Acordámolo**.
- Mañá **lembraréillelo**.
- **Sóubeno**.

13. Completa con te ou che as frases seguintes:

- Vint**e** onte no concerto de rock.
- Xa me contaron que **che** deron unha boa noticia.
- Non **che** dixeron nada por non molestarte.
- Chamáron**te** por teléfono e dixéronme que **che** dese o recado.
- Corteic**he** un pouco a perna do pantalón porque **che** quedaba moi longa.

14. Substitúe os elementos necesarios polo seu correspondente pronome relativo, sinalado entre parénteses:

O coche que quero mercar é un monovolume.

Os nenos que vin chegar onte viñan de excursión.
Foron os meus tíos quen chamaron por teléfono esta mañá.
Entraron ao concerto cantos pagaron a entrada
Estes son os planos a través dos cales Colón chegou a América.

15. Propón dous casos en que se deba acentuar o interrogativo e outros dous en que se deba acentuar o exclamativo por considerares que se trata dun contexto que pode provocar confusión.

Dille qué queres (dille o que queres), interrogativa / *Dille que queres* (dille que si queres).
Xa sabes canto lle custou (xa sabes o prezo), interrogativa / *Xa sabes canto lle custou* (xa sabes o prezo).